

RESOLUCIÓN REITORAL DO 9 DE XUÑO DE 2016, POLA QUE SE PUBLICA A CADUCIDADE NO CENSO DE ASOCIACIÓNS ESTUDANTÍS DA UNIVERSIDADE DE VIGO DA “ASOCIACIÓN PARA A INTEGRACIÓN DO ESTUDANTE NA COMUNIDADE UNIVERSITARIA”

Transcorridos os prazos establecidos na convocatoria de accións participativas e asociacionismo (R.R. 20-1-16) así como os de requerimento de documentación para a actualización de datos que garanticen a permanencia no censo de asociacións da Universidade de Vigo, en aplicación da lei 30/92 de 26 de novembro de Réxime Xurídica das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo e de acordo coas competencias conferidas.

Esta reitoría **RESOLVE**:


Declarar a **caducidade** no censo de asociacións estudantís da Universidade de Vigo da *Asociación para a integración do estudante na comunidade universitaria*, que conta co número de **registro nº121**.

Contra esta Resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses desde o día seguinte ó recibo desta notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Así e todo, o interesado poderá optar por interpor contra esta Resolución Recurso Potestativo de Reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á notificación da presente, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non caberá interpor o recurso contencioso-administrativo antes citado, mentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 4/99, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/92, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións e do Procedemento Administrativo Común.

Vigo, 9 de xuño de 2016

O vicerreitor de Extensión Universitaria
e Relacións Internacionais



Manuel J. Fernández Iglesias

Dilixencia para facer constar que a presente resolución se publica nos taboleiros dos rexistros da Universidade de Vigo con data 9 de xuño de 2016

O xefe do Servizo de Extensión Universitaria

Ricardo Cordero Salgado

Universidade de Vigo -
Registro Xeral

Saída Nº. 201600009503
09/06/16 13:57:56